



Instrución 3/2018 pola que se modifica a Instrución do 24/04/2018 en relación coa entrada en vigor da nova Lei 9/2017, de contratos do sector público

Primeiro

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (BOE núm. 272, do 09/11/2017), e que entrou en vigor o pasado 9 de marzo, establece no seu artigo 118.1 que se consideran contratos menores «os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos».

Mediante o segundo punto da disposición final cuadraxésimo cuarta da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 (BOE núm. 161, do 04/07/2018), engádese unha nova disposición adicional quincuaxésimo cuarta referenciada á Lei de contratos do sector público, con efectos desde a entrada en vigor da Lei de orzamentos do Estado (é dicir desde o día 5 de xullo de 2018) e vixencia indefinida:

“Disposición adicional cuadraxésimo cuarta. Réxime aplicable aos contratos subscritos polos axentes públicos do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación

Atendendo á natureza única da súa actividade, como excepción ao límite previsto no artigo 118 desta lei, terán en todo caso, a consideración de contratos menores os contratos de subministración ou de servizos de valor estimado inferior ou igual a 50.000 euros que subscriban os axentes públicos do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, sempre que non vaian destinados a servizos xerais e de infraestrutura do órgano de contratación.

Para estes efectos, enténdense comprendidos entre os axentes públicos do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, nos termos establecidos na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, as universidades públicas, os organismos públicos de investigación, fundacións, consorcios e demais axentes da Administración xeral do Estado, os organismos e entidades de investigación similares aos anteriores dependentes doutras administracións públicas, as fundacións de investigación biomédica, e os centros, institucións e consorcios do Sistema Nacional de Saúde”.

Por tanto, o límite para realizar un contrato menor de subministracións ou de servizos **de investigación** (proxecto de investigación, convenio de I + D + i ou contrato de investigación do artigo 83 da LOU) amplíase de «un valor estimado inferior a... 15.000 euros máis IVE a «un valor estimado inferior ou igual a 50.000 euros» máis IVE.



Segundo

Engádense catro subconceptos no anexo I-C da Instrución do 24/04/2018:

	Concepto económico	LCSP
625.99	IVE contratación. Partida instrumental	
627.00	Pagamentos extraordinarios ou contingencias especiais	
640.00.19	Patentes. Convenios e contratos	Excluído art. 11
649.99.02	Reintegro VIC	Excluído art. 11

A Coruña, 2 de agosto de 2018

O xerente

Ramón del Valle López